LER PARA SABER

Estratexias de animación á lectura

rodeira

Estratexias de animación á lectura

LIBRO: MEDO

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

ESTRATEXIA								
1	x		x				x	x
2	x	x					x	x
3	x						x	x
4	x						x	x
5	x		x				x	x
6	x		x		x		x	x

LIBRO: MEDO

COMPETENCIAS BÁSICAS

ESTRATEXIA	CCL				CM	CIMF	TI-CD	CSC	CCA	CAA	AIP
	COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA				COMPETENCIA MATEMÁTICA	COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO	TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR							
1	x	x		x					x		x
2	x	x	x	x	x		x		x	x	x
3	x	x		x						x	x
4	x	x	x	x				x			x
5	x	x		x						x	x
6	x	x	x	x			x	x		x	x

OBXECTIVOS XERAIS

- Promover o hábito da lectura.
- Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- Fomentar as capacidades de procura e organización da información.
- Desenvolver a expresión oral e escrita.
- Reflexionar sobre os beneficios do deporte.
- Fomentar a capacidade de reflexión.
- Potenciar o respecto polas distintas opinións.
- Fomentar a empatía.

ORIENTACIÓNS

As actividades propostas poden traballarse en distintos graos de ampliación (en función dos intereses do grupo ou do profesor) e están baseadas nas rutinas de pensamento e a aprendizaxe cooperativa.

A aprendizaxe cooperativa é un método baseado no traballo en equipo dos estudantes. Inclúe diversas técnicas nas que os alumnos traballan conxuntamente para lograr determinados obxectivos comúns dos que son responsables todos os membros do equipo.

As rutinas de pensamento son estruturas coas que os alumnos —de maneira individual ou colectiva— inician, discuten e xestionan o seu pensamento á vez que descobren modelos de conduta que permiten utilizar a mente para xerar pensamentos, reflexionar e razoar.

A lectura desta novela pode dar pé ao traballo de aspectos como:

- O amor.
- O respecto aos maiores.
- A amizade.
- A solidariedade.
- A tolerancia.

ACTIVIDADE 1:

(Antes da lectura): «VEXO, PENSO, PREGÚNTOME»

OBXECTIVOS XERAIS

- Motivar a lectura do libro.
- Fomentar a capacidade crítica e de formular hipóteses.
- Traballar a expresión oral e escrita.

ACTIVIDADE

Nesta rutina de pensamento o profesor mostraralle ao grupo a fotografía da portada do libro.

Pediráselles aos alumnos que a observen e que, de modo individual, respondan as seguintes cuestións:

- Que é o que ves na portada?
- Que é o que pensas acerca diso?
- Que te preguntas sobre a imaxe que estás a ver?

Para responder as preguntas, darémoslles unha ficha preparada para que poidan enchela.

VEXO Que é o que observo?	PENSO Que creo que significa?	PREGÚNTOME Que dúbidas teño?

Ao rematar a tarefa individual, realizarase a posta en común. É conveniente que os alumnos comecen sempre as frases con «vexo...», «penso...», «pregúntome...».

ORIENTACIÓNS

En caso necesario, durante a posta en común, o profesor axudaralles aos alumnos a reformular os seus pensamentos e a organizalos de xeito coherente.

ACTIVIDADE 2:

(Antes da lectura): «CONCURSO»

OBXECTIVOS XERAIS

- Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- Fomentar a capacidade de reflexión.
- Potenciar a expresión oral e a capacidade argumentativa.

ACTIVIDADE

Nesta actividade propónselles aos alumnos organizar un «concurso» relacionado coa autora do libro: Care Santos.

Dividirase a clase en dous grupos que terán que elaborar un número determinado de preguntas (de 10 a 15) relacionadas coa autora e as súas obras. Para obter información, terán que investigar sobre ela.

De modo alternativo, os grupos irán formulando as súas preguntas e, no encerado, anotaranse dos acertos de cada grupo para poder saber, ao rematar o xogo, cal é o equipo gañador.

Cada equipo terá un tempo determinado para responder as preguntas (o profesor determinarao e encargarase de controlalo). Poderán consultar a resposta entre eles, pero só se aceptará unha resposta por equipo.

Cada un dos equipos escollerá un ou unha portavoz que será quen dará a resposta elixida polo grupo.

ORIENTACIÓNS

O profesor terá que proporcionar o tempo suficiente para que os grupos poidan preparar as súas preguntas.

Á vez, terá o labor de velar polo cumprimento das normas do concurso que el mesmo lles explicará aos alumnos antes de iniciar o xogo.

ACTIVIDADE 3:

(Durante a lectura): «SACO DE DÚBIDAS»

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar a empatía.
- Fomentar a capacidade crítica.
- Desenvolver a expresión oral e escrita.

ACTIVIDADE

Despois de facer a actividade número 2, os alumnos escribirán nun papel algunha dúbida que lles xurdise a partir do concurso.

Pasados uns minutos, para que todos os que tiñan algunha dúbida poidan anotala, expoñerana ao resto dos seus compañeiros para ver se algún deles a pode solucionar. Se non é así, daranlle a dúbida ao profesor para que a garde no «saco de dúbidas» da clase.

O profesor disporá dunha caixa ou bolsa onde poñer as dúbidas que non se resolveron.

Ao rematar as actividades do libro, vólvense a sacar as dúbidas do «saco de dúbidas» para ver se xa se poden resolver ou se é conveniente buscar información e, coa axuda do profesor, podelas contestar.

Esta estrutura é especialmente útil para poñer de relevo a interacción (en forma de axuda mutua) que debe haber en todo o grupo-clase, posto que os distintos alumnos axúdanse á hora de resolver as dúbidas que xurdiron.

ORIENTACIÓNS

Durante a resolución das dúbidas, o profesor axudará os alumnos a reformular os seus razoamentos para chegar a solucionar ou descubrir as dúbidas iniciais.

ACTIVIDADE 4:

(Durante a lectura): «PENSA E COMPARTE EN PARELLA»

OBXECTIVOS XERAIS

- Promover a reflexión e a análise.
- Fomentar a interacción mutua.
- Potenciar o respecto polas distintas opinións.

ACTIVIDADE

Esta rutina de pensamento pretende activar o razoamento e a argumentación nos alumnos. O obxectivo é que dediquen un tempo determinado a pensar e compartan, cos seus compañeiros, o froito dese pensamento.

Por parellas, pídeselles aos alumnos que relean o capítulo titulado «Capos» e analicen a reacción do sarxento Roig cando Merche lle suxire que investiguen as mulleres do clan dos Medina.

Finalmente, cada parella comparte co resto da clase a súa visión do papel da muller no clan dos Medina por parte do sarxento, así como as dúbidas xurdidas e as conclusións ás que chegaron.

Esta dinámica axuda aos alumnos a parar a pensar, a compartir o seu pensamento e a escoitar o pensamento que outros elaboraron.

ORIENTACIÓNS

Sería conveniente que o docente lles lembre aos estudantes que é necesario escoitarse e facerse preguntas mutuamente para favorecer a reflexión.

ACTIVIDADE 5:

(Despois da lectura): «O POLBO»

OBXECTIVOS XERAIS

- Promover a reflexión e a análise.
- Traballar a expresión oral.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Potenciar o respecto polas distintas opinións.

ACTIVIDADE

Esta rutina é útil para traballar as ideas principais dun texto e profundar na súa comprensión. O obxectivo é facer visibles as ideas que hai na novela a través do traballo e do debate conxunto de toda a clase.

Utilizaremos, nunha cartolina ou papel grande, un organizador gráfico co debuxo dun polbo, no que escribiremos a idea principal da obra no centro e, a seguir, as ideas secundarias nas patas do animal.



Para iso o profesor establecerá inicialmente grupos de dous alumnos que terán que escribir a idea principal do libro e as ideas secundarias (máximo oito) que crean que transmite a obra.

Transcorridos 5 minutos, o profesor xuntará, aleatoriamente, os grupos de dous en dous, xerando así grupos de catro alumnos, e volveralles a deixar 10 minutos para se poñer de acordo.

O profesor irá repetindo a dinámica ata que todo o grupo consiga chegar a un acordo común que quedará plasmado nun gran polbo-mural.

ORIENTACIÓNS

É conveniente ir deixando máis tempo conforme os grupos medran en tamaño.

ACTIVIDADE 6:

(Despois da lectura): «GOALBALL»

OBXECTIVOS XERAIS

- Reflexionar sobre o pensamento inicial.
- Fomentar a capacidade crítica.
- Desenvolver as estratexias de procura de información.
- Reflexionar sobre a importancia do deporte.
- Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.

ACTIVIDADE

No capítulo titulado «*Goalball*» Éric convence a Hugo para que practique este deporte.

Esta actividade constará de dúas partes:

Primeira parte

Proponse que os alumnos reflexionen sobre as súas ideas, pensamentos e dúbidas sobre o *goalball* e os conecten cos seus pensamentos novos sobre o mesmo tema.

O obxectivo é crear unha «ponte» entre as ideas previas e as ideas novas despois de informarse sobre o tema.

Esta rutina introducirase facendo que os estudantes realicen a técnica de traballo do «3, 2, 1» (3 pensamentos, 2 preguntas e 1 metáfora). O traballo realizase individualmente e por escrito, cumprimentando o gráfico seguinte:

RESPOSTAS INICIAIS

3. Ideas

2. Preguntas

1. Metáfora



3, 2, 1, PONTE

RESPOSTAS FINAIS

3. Ideas	2. Preguntas	1. Metáfora

CONCLUSIÓNS

Os alumnos empezarán a traballar o tema buscando información: lendo as normas deste deporte, vendo un vídeo etc. Tras a experiencia, completarán outro «3, 2, 1» coas súas impresións finais.

Finalmente, elaborarán as súas conclusións comparando ambas as columnas.

Despois, pódese xerar unha posta en común dos pensamentos iniciais e novos, explicando aos seus compañeiros como e por que cambiou o seu pensamento.

Segunda parte

Nesta parte dividirase o grupo-clase en equipos (os que se considere necesarios) para desenvolver unha sesión práctica de *goalball*.

Ao rematar os partidos, farase unha reflexión sobre as dificultades coas que se atoparon á hora de xogar.

ORIENTACIÓNS

É importante que a información nova provoque situacións nos alumnos que os axuden a reflexionar sobre novos xeitos de ver e interpretar as cousas.

Hai que deixar claro en todo momento que o seu pensamento inicial non é correcto ou incorrecto: é só un punto de partida. As novas experiencias conducen o noso pensamento cara a novas conclusións.

Esta actividade requirirá que os profesores organicen o horario entre eles para propiciar un espazo onde poder desenvolver os partidos ou ben coordinarse co especialista da área de Educación Física.